

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE FACENDA

4671 *Real decreto 130/2019, do 8 de marzo, polo que se regula a Base de datos nacional de subvencións e a publicidade das subvencións e demais axudas públicas.*

O precedente inmediato da Base de datos nacional de subvencións encóntrase no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, que referendou a base de datos que xa operaba desde o ano 2000. Os seus trazos fundamentais foron o seu ámbito, xeneralizado a todas as administracións públicas, e o seu carácter reservado. O artigo 20 foi obxecto de desenvolvemento no Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo.

A Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, impuxo a publicidade obrigatoria de todas as subvencións e demais axudas públicas; o modelo de publicidade foi instrumentado a partir da Base de datos nacional de subvencións para dar resposta a unha dupla finalidade: mostrar a través dun único punto de información a totalidade das subvencións e axudas públicas concedidas por todas as administracións públicas e reforzar a integridade do contido da base de datos.

Mediante a Lei 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa, modificouse o artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, para incluír a publicidade das subvencións e demais axudas públicas a partir do contido recollido na Base de datos nacional de subvencións; ademais, e para reforzar a súa integridade, deseñouse un novo procedemento para a publicación das convocatorias.

Até o 31 de decembro de 2015 a Base de datos nacional de subvencións foi fornecendo información das subvencións concedidas polo sector público estatal nos termos previstos na Lei 19/2013, do 9 de decembro, e, a partir de 2016, tamén está a publicar as subvencións e axudas públicas concedidas polo resto das administracións públicas españolas, integrando nun único punto a información sobre a actividade subvencionadora de todo o sector público nacional.

Xunto cos requirimentos de publicidade xa sinalados, é necesario ter en conta as novas condicionalidades impostas pola normativa europea. Así, a partir da Estratexia 2020, publicouse a Comunicación da Comisión ao Parlamento Europeo, ao Consello, ao Comité Económico e Social Europeo e ao Comité das Rexións sobre modernización das axudas estatais na UE, COM (2012) 209, na cal se expuña a necesidade de revisar e racionalizar as directrices sobre axudas estatais. A posta en marcha de tal proceso supuxo a aprobación de sucesivos regulamentos (é o caso, por exemplo, do Regulamento (UE) n.º 651/2014 da Comisión, do 17 de xuño de 2014, polo que se declaran determinadas categorías de axudas compatibles co mercado interior en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado; ou o Regulamento (UE) n.º 702/2014 da Comisión, do 25 de xuño de 2014, polo que se declaran determinadas categorías de axuda nos sectores agrícola e forestal e en zonas rurais compatibles co mercado interior en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea; ou o Regulamento (UE) n.º 1388/2014 da Comisión, do 16 de decembro de 2014, polo que se declaran determinadas categorías de axudas a empresas dedicadas á produción, transformación e comercialización de produtos da pesca e da acuicultura compatibles co mercado interior en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea; enumeración que se vén completando con outros regulamentos e directivas de carácter sectorial). Todos eles teñen en común a inclusión no seu articulado dunha previsión na cal se establece a obrigatoriedade de publicar determinada información das axudas estatais nun sitio web exhaustivo en cada Estado membro. Por outra parte, as axudas *de minimis* réxense polo disposto nos seus propios regulamentos.

En especial, os regulamentos citados establecen que as obrigacións en materia de publicación e información de axudas de estado deberán ser cumpridas polos Estados membros o máis tardar nun prazo de dous anos após a súa entrada en vigor, prazo que se cumpriu o día 1 de xullo de 2016 no caso do Regulamento (UE) n.º 651/2014 da Comisión, do 17 de xuño de 2014, e do Regulamento (UE) n.º 702/2014 da Comisión, do 25 de xuño de 2014, e o día 1 de xaneiro de 2017 no caso do Regulamento (UE) n.º 1388/2014 da Comisión, do 16 de decembro de 2014, o que obriga a precisar neste real decreto o ámbito obxectivo e subxectivo da información que se debe fornecer á BDNS, tendo en conta que o alcance considerado nestas normas é diferente ao que na actualidade se recolle no vixente Regulamento xeral de subvencións, aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo.

Por outro lado, a Lei 15/2014, do 16 de setembro, impón unha nova funcionalidade á Base de datos nacional de subvencións: a necesidade de publicar todas as convocatorias que promovan as distintas administracións públicas. Este novo servizo permitirá aos cidadáns (sexan pemes ou outras empresas, persoas físicas ou entidades sen fins de lucro) coñecer e acceder, desde un só repositorio, a toda a información sobre axudas e subvencións.

En definitiva, co redeseño da Base de datos nacional de subvencións (en diante, BDNS) preténdese lograr os seguintes obxectivos:

1.º Pór en común nun único punto todas as convocatorias cuxo prazo de solicitude estea aberto para cada momento determinado, o que permitirá a súa consulta a todos os posibles interesados.

2.º Estender o ámbito obxectivo da base de datos nacional de subvencións a todo tipo de axudas, avanzando alén do contido anterior, centrado fundamentalmente en subvencións.

3.º Estender o ámbito subxectivo da Base a todas as administracións públicas e ás súas entidades vinculadas ou dependentes, sexa cal for a súa natureza, pública ou privada, sempre que concedan subvencións ou axudas públicas. Ademais, a partir da xeneralización dos principios recollidos nas leis 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, esténdese o deber de publicidade da BDNS a todas as subvencións e axudas que concedan os órganos constitucionais do Estado, os órganos legislativos e de control autonómicos e demais institucións de dereito público.

4.º Dar resposta aos requirimentos de información establecidos pola Unión Europea en materia de axudas de estado.

5.º Servir como instrumento para a planificación das políticas públicas, para a mellora da xestión e para a loita contra a fraude.

A publicidade de subvencións debe ser posta en relación co dereito dos cidadáns á protección dos seus datos persoais, tal e como se regula no Regulamento (UE) n.º 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), e na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Neste senso, pódese lembrar que a Lei 19/2013, do 9 de decembro, cualifica a publicidade como un instrumento que promove a eficiencia e a eficacia das administracións públicas mediante unha mellor fiscalización da actividade pública. Este interese xeral é o que xustifica a necesidade de publicitar os datos persoais dos beneficiarios de subvencións que sexan persoas físicas imprescindibles para identificarlos de acordo coa normativa de protección de datos e nos termos do artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro. Agora ben, esta publicidade non supón que o uso posterior da información estea exento de cumprir coa normativa de protección de datos, como nos lembran os artigos 15.5 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, e 4.6 da Lei 37/2007, do 16 de novembro, sobre reutilización da información do sector público.

Tal e como establece o artigo 8 da Lei 37/2007, do 16 de novembro, considérase conveniente que a posible reutilización de tal información, en canto contén datos persoais, se someta a unha limitación de finalidade consistente coa limitación do dereito fundamental á protección de datos que por razón da publicación dos seus datos sufriu xa o beneficiario da subvención; en concreto, a reutilización dos datos persoais publicados no Sistema nacional de publicidade de subvencións e axudas públicas estará condicionada a que se utilicen exclusivamente para a finalidade de control e transparencia da actividade administrativa ou con fins de arquivo en interese público, fins de investigación científica ou histórica ou fins estatísticos.

Do mesmo modo, o artigo 89, en relación cos artigos 6.4 e 1.b) do Regulamento (UE) n.º 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016 (Regulamento xeral de protección de datos), ao considerar a finalidade compatible do tratamento ulterior para un fin distinto daquel para o cal se recolleron os datos persoais, permite ao responsable do tratamento dos datos persoais, neste caso a BDNS, solicitar garantías adecuadas, as cales poderán incluír un tratamento ulterior que non permita ou xa non permita a identificación dos interesados. O dito tratamento ulterior que non permita a identificación deberá de ser dun limiar elevado de forma que se consiga a anonimización.

Ademais, a fin de evitar a elaboración de perfís persoais a partir do coñecemento agrupado das diferentes subvencións percibidas por un mesmo beneficiario, acúrtase o período de permanencia da publicidade das subvencións dirixidas a persoas físicas de catro anos a un, na maneira establecida no corpo desta norma a partir do ano de concesión, prazo que se considera o necesario para os fins do tratamento deses datos persoais conforme o artigo 5.1.e) do RXPD.

Estas solucións de carácter xeral complétanse co réxime específico previsto para aqueles casos en que a Base de datos nacional de subvencións poida conter información ou datos especialmente protexidos (e para os casos previstos no artigo 14 da Lei 19/2013, do 9 de decembro) e co recoñecemento do dereito de ocultación que asiste as persoas físicas suxeitas a unha situación de protección especial. Finalmente, cabe citar a previsión recollida no deseño da base de datos para impedir que os seus contidos poidan ser indexados con motores de busca.

Os procedementos establecidos neste real decreto permitirán alcanzar os obxectivos previstos da forma máis eficiente e coa menor carga administrativa posible, ao propiciar de forma decidida solucións electrónicas para a interconexión entre administracións públicas e para a cesión da información no ámbito privado.

Ante a necesidade de establecer a regulación da publicidade non soamente das subvencións senón de todas as axudas públicas, fíxose preciso ditar un novo real decreto, o que supón eliminar o réxime sobre a BDNS contido no Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, para integralo no presente texto, cun ámbito obxectivo moito máis amplo. Deste modo, o presente real decreto cumpre cos principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguranza xurídica, transparencia e eficiencia contidos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O texto complétase coas modificacións que foi preciso incorporar no Regulamento xeral de subvencións, aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, para facer concordar o seu contido co presente real decreto. Tamén se fixa o prazo de seis meses para a resolución dos expedientes sancionadores por infraccións en materia de subvencións, referencia que desaparecera ao se derrogar o Real decreto 1398/1993, do 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

Por outra parte, dáse unha nova redacción á disposición adicional sétima do Regulamento xeral de subvencións, aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, para actualizar a terminoloxía e procedementos aos regulamentos comunitarios vixentes en materia de xestión e control de fondos comunitarios.

A entrada en vigor do Regulamento (UE) n.º 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, polo que se establecen disposicións comúns

relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, e polo que se establecen disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, e se derroga o Regulamento (CE) n.º 1083/2006 do Consello, supuxo que o intercambio de información entre autoridades nun Estado membro deba realizarse a través de sistemas de intercambio electrónico de datos. Por tanto, elimínase o número relativo ao intercambio de información periódica entre autoridades.

Por outro lado, considérase adecuado e suficiente establecer o prazo de alegacións ao borrador de informe de auditoría en dez días hábiles, tendo en conta que o uso de medios electrónicos permite axilizar o procedemento contradictorio sen menoscabar dereitos. Ademais, elimínase este prazo no caso de que as conclusións non conteñan deficiencias ou irregularidades.

Aclárase o obxecto do control de fondos europeos, diferenciándoo definitivamente do control financeiro de subvencións; neste senso, aclárase que non lle son de aplicación os efectos que a Lei 38/2003, do 17 de novembro, prevé para o control financeiro de subvencións no seu artigo 51.

Tamén se engade un parágrafo relativo aos convenios que poida celebrar a Intervención Xeral da Administración do Estado coas comunidades autónomas e cidades con estatuto de autonomía. O período de vixencia destes convenios virá determinado en función do establecido nos regulamentos comunitarios que, como norma xurídica aplicable ao ordenamento xurídico español, será compatible co establecido na alínea h) do artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

Finalmente, recóllese unha nova disposición adicional décimo terceira para dotar de operatividade a facultade prevista na Lei 38/2003, do 17 de novembro, de que os órganos de control poidan ser asistidos polos especialistas técnicos que resulten máis adecuados en cada ocasión para a verificación técnica da correcta aplicación da subvención. O procedemento previsto é o mesmo que xa veñen empregando no ámbito do control interno os órganos da Intervención Xeral da Administración do Estado.

Este real decreto foi sometido ao informe previo da Axencia Española de Protección de Datos e da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Facenda, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 8 de marzo de 2019,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto.*

O presente real decreto ten por obxecto regular a Base de datos nacional de subvencións (en diante, BDNS) e a publicidade das subvencións e demais axudas públicas, en desenvolvemento das previsións contidas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e na normativa europea en materia de axudas de Estado e axudas *de minimis*.

Artigo 2. *Ámbito obxectivo da BDNS.*

1. A BDNS conterá información sobre todas as subvencións e as seguintes axudas públicas:

a) As entregas en diñeiro sen contraprestación mencionadas no artigo 3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro.

b) As axudas en especie mencionadas na disposición adicional quinta da Lei 38/2003, do 17 de novembro.

c) Os avais e demais garantías, préstamos, achegas de financiamento de risco, anticipos reembolsables e demais medidas de carácter financeiro que supoñan unha vantaxe económica a favor dos seus beneficiarios, salvo cando vaian dirixidos ás administracións públicas mencionadas no artigo 3.1 da Lei 38/2003, do 17 de novembro.

d) Os beneficios fiscais e os beneficios nas cotizacións á Seguridade Social que teñan a consideración de axuda de Estado por implicaren unha vantaxe económica de carácter selectivo, sempre que superen os limiares mínimos exixidos polas normas comunitarias.

e) As subvencións e demais axudas a partidos políticos.

f) Calquera outra axuda de carácter non fiscal que sexa considerada, para efectos do dereito da Unión Europea, como axuda estatal de acordo co previsto no artigo 107 do Tratado de funcionamento da Unión Europea e nas normas que o desenvolvan.

2. A BDNS conterà información con respecto a todas as subvencións e axudas públicas definidas no número anterior, con independencia de que a citada información se publique ou non en virtude dos requirimentos de publicidade e transparencia legalmente establecidos.

3. A BDNS tamén conterà información acerca das condenas e sancións consistentes na prohibición para acceder a novas subvencións ou axudas públicas impostas mediante sentenzas firmes nos supostos sinalados na alínea a) do número 13.2 ou mediante resolucións firmes previstas na alínea h) do mesmo número da Lei 38/2003, do 17 de novembro.

4. Á BDNS poderáselle incorporar calquera outra información que contribúa ao cumprimento dos seus fins. O fornecemento de información realizarase dentro das posibilidades de cesión previstas legalmente, propiciando as solucións máis eficaces que en cada momento permita o estado da tecnoloxía.

Artigo 3. *Ámbito subxectivo da BDNS.*

1. A BDNS conterà información de todas as subvencións e axudas públicas recollidas no artigo anterior que concedan:

a) A Administración xeral do Estado.

b) As administracións das comunidades autónomas.

c) As entidades que integran a Administración local.

d) O sector público institucional, ao cal se refire o artigo 2 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

En todo caso, a BDNS recollerá información das subvencións e axudas públicas que concedan os entes integrantes do sector público institucional incluídos no Inventario de entidades do sector público estatal, autonómico e local previsto no artigo 82 da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

A BDNS recollerá igualmente a información que subministren, segundo o previsto neste real decreto, os órganos constitucionais do Estado, os órganos legislativos e de control autonómicos e demais órganos e entidades de dereito público.

2. No caso de subvencións ou axudas financiadas total ou parcialmente con cargo a fondos europeos, a información será igualmente fornecida polas administracións públicas e demais entidades mencionadas neste artigo, segundo o previsto no número 1 do artigo 10.

3. A obrigaón de fornecemento de información establecida no artigo 20.4 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, resulta igualmente exixible aínda que as subvencións e demais axudas públicas sexan tramitadas a través de entidades colaboradoras, xa se trate de administracións públicas, entidades financeiras, federacións representativas dalgún

sector económico ou grupo de interese, fundacións públicas ou calquera entidade pública ou privada, sexa cal for a súa natureza xurídica.

4. Cando os mesmos fondos sexan obxecto de varias convocatorias de subvencións sucesivas, por seren outorgados en primeiro lugar por unha Administración de forma acumulada a unha ou varias entidades para que, pola súa vez, se encarguen da convocatoria de subvencións para a súa distribución entre os beneficiarios, rexistraranse na BDNS as dúas convocatorias e as súas correspondentes concesións.

5. Noutros casos, a Intervención Xeral da Administración do Estado poderá establecer o réxime de cumprimento que contribúa da mellor maneira posible aos fins da BDNS. En ningún caso tal cumprimento alterará a posición xurídica de cada entidade segundo o réxime que se configurase na subvención correspondente.

CAPÍTULO II

Fornecemento de información á BDNS

Artigo 4. *Contido da información que se fornecerá á BDNS.*

Deberase fornecer a seguinte información á BDNS:

a) Información sobre a normativa reguladora, as convocatorias, as concesións, os pagamentos realizados, as resolucións do procedemento de reintegro e as resolucións firmes do procedemento sancionador.

No caso de subvencións de concesión directa e de axudas públicas, o contido citado adecuarase ás súas especiais circunstancias.

Non obstante, non será obrigatorio subministrar información das resolucións de concesión nin das correspondentes fases posteriores cando o importe anual outorgado polo mesmo órgano ou entidade a un mesmo beneficiario non supere a cantidade total de 100 euros.

b) A información sobre beneficios fiscais e beneficios nas cotizacións á Seguridade Social fornecerase respecto ás axudas individuais que superen os limiares de publicidade previstos na normativa comunitaria para as axudas estatais; o contido que se subministre identificará o beneficio aplicado, o contribuínte, o importe da vantaxe económica obtida e demais información que permita dar cumprimento ás obrigacións sobre publicidade de axudas de Estado impostas pola normativa europea, sen prexuízo do adecuado cumprimento da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, e das leis aplicables en materia de seguranza social.

c) Os datos identificativos, así como o período durante o cal non poderán ter a condición de beneficiario ou entidade colaboradora as persoas ou entidades incursas nalguna das prohibicións establecidas nas alíneas a) e h) do artigo. 13.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro.

d) Información sobre subvencións nas cales se inclúsen, na valoración, actuacións de efectiva consecución da igualdade entre mulleres e homes ou actuacións de atención a vítimas das distintas formas de violencia contra a muller, por parte das entidades solicitantes.

Artigo 5. *Procedemento para o fornecemento de información.*

1. O fornecemento de información realizarase a través do sistema de información que determine a Intervención Xeral da Administración do Estado, utilizando un certificado electrónico recoñecido de acordo co previsto na normativa europea e española en materia de identificación electrónica e servizos de confianza para as transaccións electrónicas, e de acordo coas especificacións e formato que se establezan en cumprimento do previsto neste real decreto, en colaboración, en todo caso, coas administracións públicas e entidades afectadas.

2. A información correspondente a subvencións e axudas públicas fornecerase nos seguintes prazos:

a) A información inicial de cada nova liña de subvención ou axuda pública fornecerase á BDNS nos termos establecidos no artigo 6.

b) O resto da información, referida á concesión, pagamento e, se for o caso, a referida ao procedemento de reintegro e procedemento sancionador, irase fornecendo de forma continuada a medida que se vaian producindo os feitos rexistrables; en calquera caso, debe achegarse antes de que finalice o mes seguinte ao da súa produción.

3. A información sobre beneficios fiscais e beneficios nas cotizacións á Seguridade Social fornecerase á BDNS ao menos un mes antes do prazo máximo establecido pola normativa europea para a publicación destas axudas; en concreto, salvo que a normativa europea estableza un prazo diferente a doce meses, deberase fornecer a información á BDNS dentro dos once meses posteriores ás seguintes datas:

a) no caso de autoliquidacións, o día último do prazo para a presentación da autoliquidación.

b) no caso de liquidacións practicadas pola Administración, a data da liquidación.

4. A información sobre as prohibicións de obter a condición de beneficiario ou de entidade colaboradora será fornecida:

a) no caso de sentenzas firmes, polo Ministerio de Xustiza, nos termos previstos na disposición adicional vixésimo cuarta da Lei 38/2003, do 17 de novembro.

b) no caso de infraccións administrativas, polo órgano concedente da subvención na cal se cometese a infracción ou, noutros casos, polas autoridades que impoñan a sanción.

CAPÍTULO III

Tramitación das convocatorias

Artigo 6. *Tramitación da convocatoria.*

1. A Base de datos nacional de subvencións, na súa calidade de Sistema nacional de publicidade de subvencións e axudas públicas, publicará as convocatorias de todas as subvencións e axudas públicas mencionadas neste real decreto.

2. Unha vez establecidas as bases reguladoras, que deberán aprobarse segundo o procedemento establecido para as disposicións normativas, tramitarase a convocatoria. Inmediatamente antes da publicación no oportuno diario oficial, deberá rexistrarse a información que se vaia incluír na BDNS polos medios electrónicos que esta proporcione, acompañada do texto da convocatoria e do seu extracto.

Tras rexistrar a información, a BDNS porá o extracto da convocatoria á disposición do diario oficial para a súa publicación. A eficacia da convocatoria producirase coa publicación do extracto no diario oficial.

O diario oficial será o que para estes efectos indicase o órgano convocante. Na publicación do extracto deberá constar o código de identificación que asignase a BDNS á convocatoria. O extracto non poderá conter información que non fose recollida no texto da convocatoria.

A publicación dos extractos que proceda efectuar no «Boletín Oficial del Estado» realizarase na sección de anuncios.

3. Naqueles casos en que as comunidades autónomas opten por prescindir da intermediación da BDNS para a publicación no seu diario oficial, unicamente se deberá rexistrar a información que se incluír na BDNS acompañada do texto da convocatoria, unha vez que esta fose aprobada e con anticipación suficiente para que os interesados poidan presentar as súas solicitudes dentro do prazo establecido.

4. Naquelas subvencións ou axudas públicas en que non sexa preceptiva a convocatoria, remitirase a información que se deba incluír na BDNS inmediatamente despois de que se publique a disposición reguladora se se trata de subvencións ou axudas con destinatarios indeterminados, ou cando se rexistre a concesión no resto dos casos.

5. A BDNS publicará a convocatoria no seu sitio web unha vez que puxese ao dispor do diario oficial o extracto correspondente ou inmediatamente a que reciba a información no resto dos casos.

6. Calquera modificación da convocatoria xurdida con posterioridade ao seu rexistro na BDNS deberá ser tramitada nos mesmos termos previstos para as convocatorias; a BDNS mostrará publicamente o texto de cada convocatoria e as súas modificacións posteriores.

En caso de anulación da convocatoria, o acordo publicarase na BDNS, con independencia dos outros medios que se previsen na convocatoria.

A BDNS poderá operar como medio onde se efectúen as sucesivas publicacións do procedemento de concesión cando así se preveña na convocatoria, tal e como se establece no artigo 45.1.b) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

7. Para efectos de permitir o seu tratamento homoxéneo e a súa consulta a todos os cidadáns, a información que se inclúa na BDNS redactarase en castelán, ben que o título e o texto da convocatoria e dos seus extractos se poderán remitir, ademais de en castelán, tamén noutra lingua cooficial.

8. Os órganos e entidades que participen neste proceso relacionaranse entre si a través de medios electrónicos que aseguren a interoperabilidade e seguranza dos sistemas e solucións adoptados por cada un deles. Os textos das convocatorias e dos extractos serán responsabilidade do órgano ou entidade que forneceu a información á BDNS. O órgano competente achegará o contido do extracto da convocatoria á BDNS, que xerará un documento en formato estruturado que será asinado cun selo electrónico baseado nun certificado electrónico recoñecido ou cualificado que reúna os requisitos exixidos pola lexislación de sinatura electrónica, para pólo ao dispor do diario oficial correspondente.

9. A Intervención Xeral da Administración do Estado determinará a estrutura e o formato en que se transmitan os datos e os documentos electrónicos, entre os admitidos na Norma técnica de interoperabilidade de catálogo de estándares (e as súas evolucións posteriores), aprobada mediante a Resolución do 3 de outubro de 2012, da Secretaría de Estado de Administracións Públicas.

CAPÍTULO IV

Publicidade e cesión da información da BDNS

Artigo 7. *Publicidade das subvencións e axudas públicas.*

1. Para efectos de dar cumprimento ás obrigacións de publicidade e transparencia nos termos previstos nos artigos 18 e 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, a Base de datos nacional de subvencións operará como Sistema nacional de publicidade de subvencións e axudas públicas e será o sitio web que, con carácter exhaustivo, publicará as axudas de estado e axudas *de minimis* no ámbito nacional en cumprimento do previsto na normativa europea.

A información estará dispoñible nos enderezos www.subvenciones.gob.es e www.infosubvenciones.es.

2. Na publicación recollerase a información sobre subvencións e axudas públicas segundo o establecido na Lei 38/2003, do 17 de novembro, na Lei 19/2013, do 9 de decembro, na normativa emanada da Unión Europea sobre transparencia de axudas públicas e en cantas outras normas resulten de aplicación.

3. Tamén se publicará información das sancións firmes impostas por infraccións moi graves nos termos recollidos no artigo 20.9 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, cando así

sexa acordado pola autoridade competente, que deberá resolver igualmente acerca do tempo durante o cal a sanción deberá permanecer publicada na BDNS.

4. O acceso á información proporcionarase de acordo cos principios establecidos na Lei 19/2013, do 9 de decembro, na Lei 37/2007, do 16 de novembro, sobre reutilización da información do sector público, e na súa normativa de desenvolvemento, así como na demais normativa sobre acceso á información pública que resulte de aplicación.

5. De conformidade co disposto no artigo 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, publicaranse, nos termos que no citado artigo se expresan, as subvencións concedidas. Cando deban publicarse datos persoais dos beneficiarios persoas físicas, cumpriranse, en todo caso, os principios e a normativa de protección de datos, incluíndo a forma en que se publicarán os ditos datos persoais identificadores do beneficiario. Os datos persoais publicados serán exclusivamente os necesarios para o fin do tratamento.

Non obstante, non se publicarán as subvencións ou axudas públicas concedidas a persoas físicas cando:

a) A información contida na BDNS ou o propio obxecto da convocatoria proporcione información ou datos especialmente protexidos dos beneficiarios ou relativos ás categorías especiais de datos relacionados nos artigos 9 e 10 do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

b) A persoa física se encontre nunha situación de protección especial que poida verse agravada coa cesión ou publicación dos seus datos persoais, en particular, cando sexa vítima de violencia de xénero ou doutras formas de violencia contra a muller.

No primeiro caso, o órgano convocante sinalarao expresamente na convocatoria se así se previu nas bases reguladoras.

No segundo caso, o órgano convocante procederá a anonimizar a información que consta na BDNS, de oficio ou por instancia do interesado. Cando a persoa física sexa vítima de violencia de xénero, aplicarase o previsto no protocolo de colaboración que se elabore de conformidade coa disposición adicional sétima da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

6. Cando a publicación das subvencións concedidas supoña un prexuízo dos previstos no número 1 do artigo 14 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, e resulte procedente limitar a publicidade das subvencións concedidas segundo o establecido no seu número 2, o órgano convocante deberao recoller na convocatoria.

7. De conformidade co disposto no artigo 8.e) da Lei 37/2007, do 16 de novembro, a información publicada a través do Sistema nacional de publicidade de subvencións e axudas públicas que conteña datos persoais soamente se poderá reutilizar coa finalidade de controlar o funcionamento da actividade pública como instrumento para a mellora da súa xestión ou con fins de arquivo en interese público, fins de investigación científica ou histórica ou para fins estatísticos. Os reutilizadores deberán proceder previamente á anonimización dos datos persoais.

8. A información sobre concesións permanecerá publicada durante os catro anos naturais seguintes ao ano en que se concedeu a subvención e será retirada automaticamente pola propia BDNS unha vez transcorrido ese prazo. No caso de concesións a favor de persoas físicas, a publicidade redúcese ao ano de concesión e ao ano seguinte. Non obstante, estes prazos substituiranse polos establecidos na normativa europea, en caso de que esta sinala prazos superiores.

9. A BDNS proverá, naquelas comunidades autónomas ou entidades locais que o soliciten, un servizo particularizado que publique a información referente ás subvencións e axudas públicas concedidas pola Administración solicitante, a fin de que poida dar cumprimento aos requirimentos de transparencia establecidos na Lei 19/2013, do 9 de decembro. A publicidade e reutilización dos datos rexerese polas mesmas normas establecidas respecto á propia BDNS.

10. Cando, en virtude do previsto no artigo 4 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, as entidades sen ánimo de lucro que persigan exclusivamente fins de interese social ou cultural e teñan un orzamento inferior a 50.000 euros estean obrigadas a publicar as subvencións e axudas públicas recibidas, entenderase cumprida esta obrigación cando esas subvencións e axudas públicas aparezan publicadas no Sistema nacional de publicidade de subvencións e axudas públicas. Esta previsión será tamén de aplicación ás pequenas e medianas empresas, tal e como son definidas na Recomendación 2003/361/CE da Comisión, do 6 de maio de 2003, sobre a definición de microempresas, pequenas e medianas empresas. Os beneficiarios das subvencións e axudas públicas deberán instar os órganos concedentes a que emenden as omisións ou erros que detecten na súa publicación; cando dispoñan de páxinas web corporativas, indicarán de maneira precisa que esa información se encontra publicada no Sistema nacional de publicidade de subvencións e axudas públicas, cuxo enderezo electrónico, www.infosubvenciones.es, sinalarán expresamente.

Artigo 8. *Cesión dos datos contidos na BDNS.*

1. Salvo polo previsto en materia de publicidade da BDNS, o seu contido terá carácter reservado e será de aplicación, no referente ao dereito de acceso, o establecido no punto segundo da disposición adicional primeira da Lei 19/2013, do 9 de decembro.

2. O acceso ao seu contido realizarase segundo os procedementos e co ámbito establecido no artigo 20.5 da Lei 38/2003, do 17 de novembro.

As autoridades, empregados públicos e demais persoal que, por razón do seu cargo ou función, tiveren coñecemento dos datos contidos na BDNS están obrigados a gardar sxiilo rigoroso e observar estrito segredo; soamente poderán acceder a aqueles datos e información que deban coñecer por razóns do servizo. O acceso ao contido da BDNS estará regulado polo previsto na normativa sobre política de seguranza dos sistemas de información da Secretaría de Estado de Orzamentos e Gastos e da Intervención Xeral da Administración do Estado.

3. A información cederase por medios electrónicos. A Intervención Xeral da Administración do Estado dará resposta ás peticións de información máis frecuentes realizadas polos diferentes órganos e entidades públicas a través da plataforma de intermediación de datos das administracións públicas.

CAPÍTULO V

Réxime de responsabilidades

Artigo 9. *Administración e custodia da BDNS.*

1. A BDNS é un sistema integrado pola información achegada por diferentes administracións e órganos; cada un deles mantén a propiedade e responsabilidade do contido subministrado á BDNS. Corresponde á Intervención Xeral da Administración do Estado:

- a) Administrar, custodiar e garantir a conservación da información contida na base de datos.
- b) Determinar os instrumentos de comunicación de información á BDNS e para a publicidade e cesión do seu contido.
- c) Autorizar os accesos á Base de datos nacional de subvencións nos termos previstos na normativa aplicable.
- d) Ditar as instrucións oportunas, nos termos recollidos no artigo 20.10 da Lei 38/2003, do 17 de novembro.

2. O control e a seguranza dos datos contidos na BDNS rexeranse polo disposto na normativa de protección de datos persoais vixente en cada momento, así como no sinalado no Real decreto 3/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula o Esquema nacional de

seguridade no ámbito da Administración electrónica, e na Resolución do 21 de decembro de 2015, da Secretaría de Estado de Orzamentos e Gastos, pola que se regula a política de seguridade dos sistemas de información da Secretaría de Estado de Orzamentos e Gastos e da Intervención Xeral da Administración do Estado.

3. A Intervención Xeral da Administración do Estado é o órgano ante o cal se exercerá o dereito de acceso. Os dereitos de oposición, rectificación e cancelación exerceranse ante o órgano responsable de fornecer a información.

Artigo 10. Responsabilidade do fornecemento da información á BDNS.

1. As administracións públicas e demais entidades mencionadas no artigo 3 están obrigadas, sen necesidade de requirimento previo, a fornecer a información prevista neste real decreto.

Son responsables de fornecer a información á BDNS os titulares dos órganos indicados no artigo 20.4 da Lei 38/2003, do 17 de novembro.

Os responsables de fornecer a información implantarán as medidas que garantan a integridade, a autenticidade e a exhaustividade da información subministrada á BDNS.

En cada comunidade autónoma ou en cada entidade local deberá designarse un único administrador institucional, que actuará como interlocutor coa Intervención Xeral da Administración do Estado realizando as actuacións de administración da BDNS no seu ámbito e controlando a implantación e aplicación das medidas dirixidas a garantir o correcto fornecemento de información á BDNS e o uso adecuado do seu contido.

2. Se, como consecuencia do incumprimento da obrigaición prevista no número anterior, se conceder unha subvención a un beneficiario incurso nunha causa que, de terse coñecido, tería provocado a imposibilidade de obter a condición de beneficiario nos termos establecidos na Lei 38/2003, do 17 de novembro, e nas normas reguladoras da subvención, ou se impedir coñecer aos órganos administrativos a existencia de supostos de incumprimento das regras de financiamento previstas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, e nas normas reguladoras da subvención, responderá o órgano administrativo ou organismo ou entidade pública obrigado ao fornecemento da información sinalado no número 1 do artigo 3, nos termos previstos na lexislación vixente, sen prexuízo da responsabilidade directa que atribúe a citada lei aos beneficiarios da subvención.

3. Así mesmo, responderá o órgano obrigado ao fornecemento de información cando como resultado do incumprimento do citado deber, se outorgase a condición de entidade colaboradora a aquela persoa incurso nunha causa das previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, sen prexuízo da responsabilidade directa que correspondería, se for o caso, a esta.

4. Se, como consecuencia do incumprimento das obrigaicións de fornecemento de información á BDNS derivadas de normas do dereito da Unión Europea, o Reino de España for sancionado polas institucións europeas, ou condenado por tribunais internacionais ou por órganos arbitrais, as administracións públicas e demais entidades obrigadas asumirán as responsabilidades que deriven de tal incumprimento, nos termos previstos na disposición adicional segunda da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, e no Real decreto 515/2013, do 5 de xullo, polo que se regulan os criterios e o procedemento para determinar e repercutir as responsabilidades por incumprimentos do dereito da Unión Europea, ditado en desenvolvemento da disposición adicional segunda da citada lei.

5. A falta de fornecemento de información por parte das administracións, organismos e demais entidades suxeitos a esta obrigaición constitúe unha infracción administrativa recollida no artigo 57 da Lei 38/2003, do 17 de novembro. A súa exixencia realizarase sen prexuízo das responsabilidades en que poidan incurrir as autoridades ou os empregados públicos que participasen na súa comisión.

Artigo 11. *Procedemento sancionador.*

O expediente sancionador por incumprimento da obrigaón de fornecemento de información á BDNS establecido no artigo 62.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, rexerese polo previsto no artigo 66.4 da Lei 38/2003, do 17 de novembro.

O prazo máximo en que deberá notificarse a resolución expresa será de seis meses, salvo que se fixe outro superior no dereito da Unión Europea.

Disposición adicional única. *Contribucións a organismos, fondos, programas e entidades de carácter internacional.*

A Base de datos nacional de subvencións recollerá, así mesmo, información das contribucións obrigatorias, voluntarias e de todas aquelas achegas económicas efectuadas polas administracións públicas a organismos, programas, fondos ou entidades de carácter internacional nas mesmas condicións que as recollidas neste real decreto.

A Intervención Xeral da Administración do Estado e o Ministerio de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación establecerán os mecanismos de cesión de información para o reforzo da BDNS e do sistema de xestión e rexistro de contribucións económicas a organizacións internacionais e outras entidades de carácter internacional de conformidade coa súa lexislación específica.

Disposición transitoria única. *Réxime transitorio.*

Ao longo de 2019 serán promovidas pola Intervención Xeral da Administración do Estado as actuacións de divulgación e información adecuadas que faciliten ás administracións, organismos e demais entidades mencionados no artigo 3 cumpriren coas obrigaóns recollidas neste real decreto. Durante este período, entenderase que non concorren os requisitos recollidos no artigo 28.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, para efectos da aplicación do artigo 10.5 deste real decreto.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

1. Quedan derogadas todas as normas de igual ou inferior rango no que contradigan ou se opoñan ao disposto no presente real decreto.

2. Quedan derogadas expresamente as seguintes disposicións:

a) Os artigos 35 a 41, as disposicións adicionais terceira, cuarta e quinta e o último parágrafo da disposición adicional décima do Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo.

b) A Orde EHA/875/2007, do 29 de marzo, pola que se determina o contido e as especificacións técnicas da información que se subministrará á Base de datos nacional de subvencións regulada no Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

c) A Resolución do 13 de xaneiro de 2003, da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se establecen as condicións de envío da información de subvencións e axudas públicas procedente do Fondo Español de Garantía Agraria.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo.*

Modifícase o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, que queda redactado nos seguintes termos:

Un. Modifícase a alínea c) do número 1 do artigo 5, que queda redactada como segue:

«c) Medios de publicidade que se utilizarán para promover a concorrencia e información que se facilite sobre o contido da convocatoria, de acordo co establecido para a Base de datos nacional de subvencións e a publicidade de subvencións e demais axudas públicas.»

Dous. Engádesse un segundo parágrafo no artigo 13, co seguinte contido:

«Os plans estratéxicos de subvencións e as súas actualizacións deberán publicarse no Sistema nacional de publicidade de subvencións e axudas públicas. A Intervención Xeral da Administración do Estado deberá ditar as instrucións oportunas para pór en marcha a dita publicación.»

Tres. Suprímese a última frase do artigo 25, que queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 25. *Acreditación do cumprimento de obrigacións por reintegro de subvencións.*

A acreditación do cumprimento de obrigacións por reintegro de subvencións realizarase mediante declaración responsable do beneficiario ou da entidade colaboradora.»

Catro. Modifícase o artigo 30, que queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 30. *Publicidade das subvencións.*

A publicidade das subvencións realizarase de acordo co establecido para a publicidade de subvencións e axudas públicas da Base de datos nacional de subvencións.»

Cinco. Engádesse un número 4 ao artigo 31 co seguinte contido:

«4. A publicidade regulada nos números anteriores realizarase con independencia da que corresponda efectuar aos beneficiarios de subvencións de acordo coas obrigacións de publicidade activa establecidas na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e a súa normativa de desenvolvemento.»

Seis. Modifícase o número 1 do artigo 102, que queda redactado como segue:

«1. O procedemento administrativo sancionador a que se refire o artigo 67 da Lei axustarase ao previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; o prazo máximo en que deberá notificarse a resolución expresa será de seis meses, salvo que o dereito da Unión Europea estableza outro superior.»

Sete. Modifícase a disposición adicional sétima, que queda redactada nos seguintes termos:

«Disposición adicional sétima. *Control dos fondos europeos.*

1. O control dos fondos europeos que realice a Intervención Xeral da Administración do Estado como autoridade de auditoría, como membro dun grupo de auditores ou como órgano de control exercerase de acordo co establecido na normativa comunitaria e nos termos previstos na presente disposición.

Por resolución do interventor xeral da Administración do Estado aprobarase anualmente o plan de control de fondos europeos, que conterá as auditorías de operacións, as auditorías de sistemas de xestión e control e outras actuacións de control cuxa execución corresponda á Intervención Xeral da Administración do Estado.

2. Os funcionarios da Intervención Xeral da Administración do Estado, no exercicio das funcións de control de fondos europeos, disporán das facultades e dos deberes establecidos nos artigos 47 e 48 da Lei 38/2003, do 17 de novembro.

3. Os órganos, organismos, entidades ou beneficiarios en xeral obxecto de control, así como os terceiros relacionados co obxecto deste, estarán obrigados a prestar colaboración e facilitar canta documentación sexa requirida no exercicio das funcións de control de fondos europeos que corresponden á Intervención Xeral da Administración do Estado, e para este fin os funcionarios designados para o control terán as facultades previstas no número 1 do artigo 46 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, e na normativa sobre control interno da Administración do Estado.

4. As actuacións de control poderán documentarse en dilixencias e informes, nos termos que establece o número 1 do artigo 50 da Lei 38/2003, do 17 de novembro.

5. O órgano que realizase o control emitirá borrador de informe que se enviará ao órgano controlado para que, no prazo de dez días hábiles desde a recepción do informe, formule as alegacións que ache oportunas. Simultaneamente, o órgano de control remitirá o citado borrador á autoridade de xestión ou autoridade responsable e á autoridade de certificación do fondo para o seu coñecemento e, se for o caso, para que formule as consideracións que ache oportunas no mesmo prazo.

Os informes de auditorías de operacións en cuxas conclusións non se conteñan deficiencias ou irregularidades poderán emitirse directamente sen necesidade de emitir e enviar para alegacións o borrador de informe.

6. Transcorrido o prazo de alegacións, o órgano de control emitirá o informe. Se non se recibiron alegacións ou observacións no prazo sinalado para isto, o borrador de informe elevarase definitivamente a informe.

7. O borrador de informe e o informe axustaranse ao modelo e procedemento de tramitación que estableza a Intervención Xeral da Administración do Estado.

8. Os informes de auditoría serán remitidos polo órgano de control aos seguintes destinatarios:

- a) Ao órgano controlado.
- b) Á autoridade de xestión ou autoridade responsable.
- c) Á autoridade de certificación.

9. No control dos fondos europeos que financien subvencións e axudas nacionais, procederase do seguinte modo:

a) Se no desenvolvemento do control se determina a existencia de circunstancias que poderían orixinar a nulidade ou anulación do acto de concesión da subvención, comunicarse tan axiña como se coñeza ao órgano concedente da subvención para que proceda segundo o establecido no artigo 36 da Lei 38/2003, do 17 de novembro.

b) Se como resultado do control se detecta a existencia dunha causa de reintegro de acordo co establecido no artigo 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, o órgano de control comunicará esta circunstancia ao órgano concedente da subvención para que avalíe e, se for o caso, exixa o reintegro que corresponda, segundo o procedemento previsto no artigo 42 da lei; para estes efectos, non será de aplicación o establecido no artigo 51 da citada lei.

A Intervención Xeral da Administración do Estado efectuará o control das actuacións realizadas polo órgano concedente mediante o exercicio da modalidade de control que en cada caso proceda, en atención á natureza do órgano concedente, da irregularidade advertida e da situación procesual en que se encontre a subvención examinada.

10. No caso de que os feitos acreditados poidan dar lugar á existencia de responsabilidades contables ou penais ou constituír outro tipo de infraccións administrativas, actuarase conforme o establecido no artigo 4.2 do Real

decreto 2188/1995, do 28 de decembro, polo que se desenvolve o réxime do control interno exercido pola Intervención Xeral da Administración do Estado.

11. A Intervención Xeral da Administración do Estado poderá celebrar convenios coas comunidades autónomas e cidades con estatuto de autonomía para garantir o exercicio das funcións asignadas á autoridade de auditoría nos prazos previstos nos regulamentos da Unión Europea.

12. O interventor xeral da Administración do Estado poderá ditar as resolucións e circulares necesarias para o desenvolvemento da presente disposición adicional.»

Oito. Introdúcese unha nova disposición adicional décimo terceira co seguinte contido:

«Disposición adicional décimo terceira. *Designación de asesores ou peritos para a verificación da realidade do investimento no marco do control financeiro das subvencións.*

1. No exercicio das facultades previstas no artigo 47.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, cando sexa necesaria a posesión de especiais coñecementos técnicos, o órgano de control poderá solicitar á Oficina Nacional de Auditoría a designación de asesores ou peritos para a verificación da realidade do investimento ou dos elementos empregados e, en particular, para a verificación da realidade do proxecto e da entrega do ben ou servizo de maneira plenamente acorde coas condicións establecidas.

Para poder solicitar un asesor ou perito será necesario que concorran os seguintes requisitos:

a) Que a asesoría ou a peritaxe poida ser efectuada no momento de realización do control. Non poderá solicitarse un asesor ou perito para o exame de bens que sufrisen transformacións esenciais ou que teñan a natureza de fornecementos non inventariables.

b) Que non se poida verificar a operación a través de información que conste no expediente ou outra accesible para o equipo de control, ou cando non existan outras probas alternativas para obter evidencia que permitan determinar a realidade da operación ou estimar o seu valor de forma razoable.

c) Que o risco estimado *a priori* polo director do control exceda o 20 % do valor declarado polo interesado e que este risco supere os 120.000 euros en termos de subvención ou axuda equivalente.

A Intervención Xeral da Administración do Estado poderá omitir algún dos requisitos anteriores no caso de posible concorrencia de delito, de control de fondos europeos ou doutras circunstancias excepcionais debidamente xustificadas.

2. A designación de persoal asesor seguirá o seguinte procedemento:

a) O órgano de control propondrá á Oficina Nacional de Auditoría a designación de persoal asesor para a verificación da realidade do investimento, xustificando a súa proposta.

b) Logo de valoración da procedencia da proposta, o director da Oficina Nacional de Auditoría dirixirá unha solicitude de nomeamento de asesor a un dos delegados existentes na base de datos elaborada pola Intervención Xeral da Administración do Estado para os efectos previstos no artigo 28.3 do Real decreto 2188/1995, do 28 de decembro, polo que se desenvolve o réxime do control interno exercido pola Intervención Xeral da Administración do Estado e disposicións de desenvolvemento, seguindo para elixilo os mesmos criterios contidos no citado precepto para a designación de asesores na intervención da comprobación material do investimento.

c) O delegado a que se dirixa a solicitude deberá comunicar ao director da Oficina Nacional de Auditoría o nomeamento do asesor para a verificación da realidade do investimento, así como ao órgano de control proponente.

3. Sen prexuízo do anterior, o director da Oficina Nacional de Auditoría poderá solicitar ao interventor xeral da Administración do Estado que designe como asesor un funcionario destinado nos demais órganos ou dependencias da Intervención Xeral, cando así o considere conveniente polas características ou a natureza do investimento.

4. Unha vez realizada a verificación da realidade do investimento con asesoramento técnico, o órgano de control deberá comunicar á Oficina Nacional de Auditoría a súa finalización, así como aquelas incidencias que poidan xurdir en relación con estas actuacións.

O asesor ou perito procederá de acordo co seu leal saber e entender, reflectindo por escrito os resultados dos labores de asesoramento, que formarán parte da documentación das actuacións de control. O asesor poderá denegar a emisión de opinión en caso de que considere que non dispón da información necesaria.

5. A realización do labor de asesoramento a que se refire esta disposición considerarase parte integrante das funcións do posto de traballo dos asesores ou peritos, e os seus superiores xerárquicos deberán colaborar na adecuada prestación deste servizo.

6. O asesor ou perito deberá gardar a debida confidencialidade e sigilo sobre as actuacións de control en que participe.»

Nove. Modifícase o número 1 da disposición derradeira primeira, que queda redactada nos seguintes termos:

«1. As disposicións do presente regulamento dítanse ao abeiro do artigo 149.1.13.^a, 14.^a e 18.^a da Constitución e constitúen normativa básica do Estado, de conformidade coa disposición derradeira segunda da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, salvo os seguintes capítulos, seccións, artigos, parte deles ou disposicións que se enumeran:

Artigo 3.

Artigo 4.

Artigo 5.

Artigo 7.2.

Capítulo II do título preliminar.

Sección 1.^a do capítulo III do título preliminar.

Artigo 17.

Artigo 21.

Artigo 24.

Artigo 25.

Artigo 26.

Artigo 27.

Artigo 29.

Artigo 31.

Artigo 32.

Sección 7.^a do capítulo III do título preliminar.

Capítulo I do título I, salvo o artigo 55.

Capítulo II do título I.

Capítulo III do título I, salvo o número 1 do artigo 65, o primeiro parágrafo do número 1 do artigo 66 e o primeiro parágrafo do número 1 do artigo 67.

Capítulo II do título II.

Capítulo IV do título II.

Capítulo V do título II.

Capítulo II do título III.

Título IV.
Disposición adicional primeira.
Disposición adicional segunda.
Disposición adicional terceira.
Disposición adicional sexta.
Disposición adicional sétima.
Disposición adicional oitava.
Disposición adicional novena.
Disposición adicional décimo terceira.
Disposición transitoria primeira.
Disposición transitoria segunda.
Disposición transitoria terceira.»

Disposición derradeira segunda. *Título competencial.*

O presente real decreto apróbase ao abeiro do disposto nos artigos 149.1.13.^a, 149.1.14.^a e 149.1.18.^a da Constitución, que atribúen ao Estado as competencias en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica, facenda xeral e bases do réxime xurídico das administracións públicas e o procedemento administrativo común, sen prexuízo das especialidades derivadas da organización propia das comunidades autónomas, respectivamente, salvo o número 2 do artigo 6, o número 5 do artigo 10 e o artigo 11.

Disposición derradeira terceira. *Habilitación normativa.*

Habílítase a ministra de Facenda, no ámbito das súas competencias, para ditar as disposicións e adoptar as medidas necesarias para o desenvolvemento e execución do establecido neste real decreto e no Regulamento xeral de subvencións, aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor aos 20 días da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 8 de marzo de 2019.

FELIPE R.

A ministra de Facenda,
MARÍA JESÚS MONTERO CUADRADO